

Ficha 15

1. Os cervos son seres vivos consumidores, porque necesitan alimentarse de plantas.

Un ecosistema está formado por un conxunto de seres vivos, o lugar en que habitan e as relacións que se establecen entre eles.

As plantas son seres vivos produtores, porque poden elaborar o seu propio alimento.

2. A. Nos desertos medran moi poucas plantas, xa que hai moi pouca humidade.
B. Os ecosistemas de auga doce son os ríos, lagos, lagoas, estanques...
C. Os bosques están formados por árbores que medran cerca unhas das outras.
D. As pradarias están formadas por herbas e poucas árbores ou arbustos.
E. Os ecosistemas de auga salgada son os mares e os océanos.
F. Nas matogueiras hai arbustos, xa que o solo é pobre ou hai pouca humidade.